


LINGUA GALEGA. COMPRENSIÓN LECTORA.

CARTELEIRA DE CINE.



Título: A casa da luz

Director: Carlos Amil

Ano : 2008

País : España

Duración : 90 minutos

Xénero: aventuras, ficción

Idade : a partir dos 9 anos

Baseada nunha novela de Xabier P. DoCampo, premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil

Sipnose

Alicia, Álvaro, Amadeo, Lucrecia, Alba e Anxo son un grupo de rapaces e rapazas inseparables que viven nunha vila chamada Eiravella. Alí pasan os días xogando con Duarte, un pintor e exprofesor de plástica. Un día, Duarte desaparece e os rapaces desconfían de Pumariño, un home que vive na vila. Buscando unha explicación, seguen a Pumariño ata unha misteriosa casa nas aforas da vila. Esa casa é a casa da luz e nela hai moitos cadros a través dos cales se pode pasar. Ao atravesar os cadros, o grupo de amigos descobre outra vila diferente, na cal goberna o señor da Torre. Alí fanse moi amigos de Pumariño e viven aventuras e experiencias inesquecibles e intensas, nun marco de maxia e fantasía.

Valoración

Moi recomendable.

Trátase dunha película rodada íntegramente en Galicia.

1. Marca cun X se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

	Verdadeira	Falsa
Os protagonistas son catro rapaces e rapazas.		
Un grupo de amigos atravesa os cadros para pasar dunha vila á outra.		
A casa da luz está nas aforas de Eiravella.		
A película dura 60 minutos.		

2. Para que idade está recomendada a película? Sinala a resposta correcta.

- A. Para todos os públicos.
- B. Só para o público adulto.
- C. Para o público maior de 9 anos.
- D. Para o público menor de 9 anos.

3. Xabier P. DoCampo é ...

- A. ... un escritor galardonado.
- B. ... un señor de Eiravella.
- C. ... un pintor e exprofesor de plástica.
- D. ... o señor da Torre.

4. Por que a Panda e Pumariño se fan amigos?

- A. Porque Pumariño é un neno coma eles e viven xuntos moitas aventuras.
- B. Porque os rapaces se dan conta de que Pumariño non secuestrou a Duarte.
- C. Porque Pumariño é pintor.
- D. Porque Pumariño raptou a Duarte.

5. Tendo en conta a información que se da no texto, a casa da luz é unha casa ...

- A. ... pintada.
- B. ... luminosa.
- C. ... vella.
- D. ... enigmática.